

USOS DE TE E CHE

O galego desenvolveu moi maioritariamente dúas formas para o pronome átono da segunda persoa do singular: te e che.

Hai verbos que completan o seu significado cun nome ou pronome. Sempre se dá, compra, mira, cambia, come, contesta.... **algo**.

A) Se este algo é a segunda persoa, úsase **TE**

Mírote. Véxote. Lévote no coche. Chámote esta tarde?

Se convertedes a oración en pasiva, ese algo pasa a ser o suxeito paciente: **Ti** es mirado por min...

Estes verbos chámanse **transitivos** e ese algo, **obxecto ou complemento directo**.

B) Se este algo é outra cousa que pode ir en proveito, dano ou calquera outra relación con esa segunda persoa, úsase **CHE**, que é o pronome **obxecto ou complemento indirecto**.

Míroche as mans. Véxoche olleiras. Lévochea compra no coche. Chámoche a nena esta tarde para que xogue con Rita?

Nestes exemplos, **o obxecto ou complemento directo** non é a segunda persoa, senón as mans, as olleiras, a compra, a nena. Se convertedes a oración en pasiva, veredes que son esas cousas as que pasan a ser o suxeito paciente: **As túas mans** son miradas por min.

O equivalente a che na terceira persoa singular é **lle** e no plural **lles** (que non existe na fala dalgunhas zonas) (**complemento indirecto**)

Préstоче unha chaqueta.... Préstolle unha chaqueta... Préstolles unha chaqueta

O equivalente a te na terceira persoa é **o/a** e nos plurais **os/as** (**complemento directo**)

Sáúdote..... Sáúdoa/ Sáúdoos.... Sáúdoos/ Sáúdoas

RECORDA

–**Che**: o prestado non es ti, nin el, nin ela... é a chaqueta, por iso vai che/lle/lles.

–**Te**: o saudado es ti, por iso vai te, o/a, os/as)

OLLO! Estase usando un castelanismo horroroso co pronome **lle** que hai que desbotar axiña antes de que enraice:

*Vote**lle**-contexto eleccións-. O votado é el ou ela, polo tanto: Vote**ino** ou vote**ina**...

*Pás**olle**-contexto de chamadas telefónicas en oficinas-. O pasado es ti/el/ela..., polo tanto: Pás**oo** ou pás**oa**/ Pás**ollo** ou pás**olla**.

*Saúd**alle** –ao final de escritos oficiais.-. O saúdo e Vde., polo tanto Saúdo**a/a**.

-. Práctica e solucións. Coloca *te* ou *che* segundo corresponda. Lembra a colocación do pronome átono.

1. Lembro que ... ollou... fixamente.
2. Cando ías polo carreiro, a silva ... rachou... a camisa.
3. Nunca ... convencerá... de marchar.
4. Non confíes máis nese amigo, ... vendeu... na primeira ocasión.
5. Hoxe ... gañou... o Pedro, tes que xogar mellor.
6. Esa desgraza ... marcou... para o resto da vida.
7. Bateu tan forte que ... fendeu... a porta.
8. A cámara ... enfocou... perfectamente esta vez.
9. Onde ... colocaches... para saíres tan ben na fotografía?
10. Xa escampou, ...deixo... o paraugas onde estaba.
11. En canto ... vendeu... a dorna o señor Pedro?

12. Si, home, ... botou... fóra por ... soar... o móbil.
13. Xa escampou, ...deixo... o paraugas onde estaba
14. Ben me lembro de cando ... bateu... cun croio na cabeza.
15. Que ... receiptou... dona Inmaculada, esa doutora que tan ben ... cae...?
16. O luns ... caían... uns lóstregos arrepiantes.
17. Que ben ... recende... a roupa!
18. ... darei... un aprobado para que ... alegres...
19. Senta aí e non ... movas..., que ... vou... procurar... un calmante.
20. Demasiado ... sorriu... a fortuna este Nadal, non ... fagas... o parvo

SOLUCIÓN

1. Lembro que te ollou fixamente.
2. Cando ías polo carreiro, a silva rachouche a camisa.
3. Nunca te convencerá de marchar.
4. Non confíes máis nese amigo, vendeute na primeira ocasión.
5. Hoxe gañouche o Pedro, tes que xogar mellor.
6. Esa desgraza marcoute para o resto da vida.
7. Bateu tan forte que che fendeu a porta.
8. A cámara enfocoute perfectamente esta vez.
9. Onde te colocaches para saíres tan ben na fotografía?
10. Xa escampou, déixoche o paraugas onde estaba.
11. En canto che vendeu a dorna o señor Pedro?
12. Si, home, botoute fóra por che soar/soarache o móbil.
13. Xa escampou, déixoche o paraugas onde estaba.
14. Ben me lembro de cando che bateu cun croio na cabeza
15. Que che receitou dona Inmaculada, esa doutora que tan ben che cae?
16. O luns caíanche uns lóstregos arrepiantes.
17. Que ben che recende a roupa!
18. Dareiche un aprobado para que te alegres.
19. Senta aí e non te movas, que che vou procurar/procurarache un calmante.
20. Demasiado che sorriu a fortuna este Nadal, non te fagas o parvo.